

Obxectivos:

O 9 de marzo de 2018 entrou en vigor a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas europeas na materia e que establece un novo marco regulador do sistema de contratación pública ao obxecto de facelo máis eficiente, transparente e íntegro, e de mellorar as condicións de acceso a este, facilitando, en particular, a participación das pemes.

Transcorrido o primeiro ano de vixencia da lei procede realizar un balance da aplicación das principais modificacións introducidas por ela, valorando o alcance da súa execución e as dificultades que presenta. Así mesmo, coa realización desta xornada preténdese propiciar o debate ao redor daqueles aspectos máis innovadores e relevantes da LCSP desde o punto de vista xurídico e da xestión pública.

Persoas destinatarias:

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilado, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, das universidades do Sistema universitario de Galicia, profesionais e persoas interesadas en xeral.

Convocatoria:

DOG núm. 48, do 8 de marzo de 2019

Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal / Web: <https://egap.xunta.gal>

Xornada

UN ANO DE VIXENCIA DA NOVA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO: BALANCE E PERSPECTIVAS

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019



10:15 h. INAUGURACIÓN DA XORNADA.

10:30 h. Mesa redonda:

BALANCE DO PRIMEIRO ANO DE VIXENCIA DA LEI 9/2017, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO.

- **Visión xeral do estado da arte na contratación pública un ano despois.**
Javier Vázquez Matilla. Consultor en contratación pública.
- **Orfos de reforma nos sectores esenciais.**
Mercedes Fuertes López. Catedrática de Dereito Administrativo. Universidade de León.
- **Acertos e erros na aplicación da nova lei de contratos no sector público autonómico.**
Patricia Iglesias Rey. Letrada xefa do Gabinete de Estudos e Dereito Comunitario. Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

12:30 h. Pausa-café.

13:00 h. Mesa redonda:

A CONTRATACIÓN COMO POLÍTICA ESTRATÉXICA, A COMPRA PÚBLICA INNOVADORA E O NOVO RECURSO ESPECIAL.

- **A compra pública innovadora. Aspectos prácticos e experiencias da Comunidade Autónoma de Galicia.**
Isabel Torralba Mena. Letrada xefa do Gabinete de Asesoramento e Apoio á Actualidade Normativa da Xunta de Galicia.
- **A aplicación da LCSP aos poderes adxudicadores non Administración pública e a outras entidades.**
Julio González García. Catedrático de Dereito Administrativo. Universidade Complutense de Madrid. Secretario xeral e do Consello de CORREOS.
- **O recurso especial. Novidades e implantación dos novos supostos de control.**
Santiago Valencia Vila. Presidente do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

16:30 h. Mesa redonda:

A CONTRATACIÓN ELECTRÓNICA, A FASE DE EXECUCIÓN DOS CONTRATOS E A CONTRATACIÓN EN ENTIDADES LOCAIS.

- **A contratación electrónica tras a entrada en vigor da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público. Situación no sector público galego.**
Guillermo Tato González. Asesor xurídico da Presidencia da Xunta de Galicia.
- **A relación calidade prezo. O deseño do obxecto e prezo do contrato e os seus criterios de adxudicación.**
Juan Ramón Fernández Torres. Catedrático de Dereito Administrativo. Universidade Complutense de Madrid.
- **Contratación pública e entidades locais.**
Manuel Cutrín Domínguez. Director da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo.

18:30 h. **CONFERENCIA DE CLAUSURA:**

O IMPACTO PRÁCTICO DA NOVA LEI DE CONTRATOS NA DINÁMICA DOS OPERADORES ECONÓMICOS.

José Manuel Maceira Blanco. Responsable do Servizo de Información Comunitaria e Innovación da CEG e vogal da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

DIRECCIÓN ACADÉMICA:

Javier Vázquez Matilla. Consultor en contratación pública.

COORDINACIÓN:

Patricia Iglesias Rey. Letrada xefa do Gabinete de Estudos e Dereito Comunitario. Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

Sonia Rodríguez-Campos González. Directora da EGAP.

NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola:
<https://egap.xunta.gal/>